



CONVENIO DE COLABORACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REPOSICIÓN DO EMISARIO SUBMARINO E REGULARIZACIÓN DAS OBRAS DOS COLECTORES XERAIS DE SANEAMENTO NO PORTO DE CELEIRO .

Santiago de Compostela, a 23 de outubro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, José Juan Durán Hermida, presidente de Portos de Galicia, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en nome e representación deste en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 6.3g) da Lei 5/1994 do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia e o artigo 9h) do Decreto 227/1995 polo que se aproba o Regulamento do ente.

Doutra parte, María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza Maior nº1, 27850 Viveiro (Lugo), facultada para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.I.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

O núcleo de Celeiro consta dunha rede de saneamento unitaria na que se incorporan ademais de augas residuais de carácter urbano e pluvial, augas de orixe industrial. O conxunto de augas residuais condúcese mediante un colector á instalación de depuración existente, que consta dun tratamento primario e que se sitúa na mesma zona na que sitúa a EDAR de Viveiro, fora da zona de servizo do porto de Celeiro. Ao colector xeral realízanse as distintas acometidas de saneamento existentes, sendo o material das tubarías de PVC e de formigón. As acometidas son as seguintes:

- Incorporación das augas residuais industriais de ALBO.



- Incorporación das augas residuais industriais de PALACIO DE ORIENTE.
- Incorporación das augas industriais da Lonxa de PUERTO DE CELEIRO, S.A.
- Incorporación das augas residuais de Celeiro ao pretratamento existente.

A lonxa portuaria recolle os seus vertidos nun pozo de bombeo, impulsando estes caudais a un pozo de rotura.

As obras a regularizar son as executadas no dominio público portuario do porto de Celeiro con referencia OH.327.501/e realizadas no ano 2007 co título "actuación hidráulica de emerxencia para solucionar a elevada contaminación microbiolóxica mediante a execución de obras de saneamento, renovación do tramo terrestre do emisario de Viveiro. Concello de Viveiro (Lugo)". A rede localizada na zona portuaria a regularizar está formada por 279,04 ml de saneamento unitario, 106,34 ml de colector de alivio e 720,86 ml de emisario terrestre.

Por outra banda, o emisario actual é un antigo conduto de fibrocemento con continuos problemas de vertidos. Todo o tramo terrestre e os primeiros 75 m submarinos foi substituído por unha tubaría de polietileno de alta densidade do mesmo diámetro. A unión deste primeiro tramo de tubo coa tubaría de fibrocemento (realizada a finais do ano 2007) constitúe un punto débil na tubaría.

Para solucionar este problema Augas de Galicia proxectou a construción dunha conducción de emisario submarino que se conecta ao actual tramo terrestre existente e que funcionará por gravidade a través dunha cámara de carga situada a continuación da desinfección da EDAR de Viveiro. Desta maneira evítase a entrada de aire na conducción terrestre corrixindo os actuais problemas de funcionamento. A conducción terrestre proxéctase cunha unha lonxitude de 850 m que sae en liña recta do porto de Celeiro para una vez rebasado o dique, xirar de forma que finalizará nun punto intermedio da ría de Viveiro, equidistante da costa e a unha profundidade de 10 m respecto ao NMM.

Polo exposto, ademais de incluír neste convenio as obras xa executadas, tamén se pretende incluír as novas obras a executar definidas no proxecto para a execución das obras OH.327.616 consistentes no "saneamento de Celeiro e mellora da EDAR de Viveiro. Concello de Viveiro (Lugo)" para conseguir un adecuado saneamento de Celeiro e mellorar a EDAR de Viveiro, así como renovar a conducción de vertido submarina con un tramo difusor fóra da dársena do porto, co que se pretende eliminar os problemas descritos anteriormente, e

complementar o convenio xa asinado entre Augas de Galicia e o Concello de Viveiro para a execución das devanditas obras.

Un tramo de impulsión procedente de Viveiro, o emisario terrestre existente e o aliviádeo do emisario encóntranse en solo portuario. A situación da ocupación de terreos reflíctense no plano anexo a esta Convenio.

Segundo informa a xefa da Zona Norte de Portos de Galicia, das superficies afectadas pola actuación, analizada a documentación técnica achegada compróbase que aproximadamente 414 metros do emisario submarino proxectado atópase dentro do dominio público portuario do porto de Celeiro.

O Concello de Viveiro para dar cumprimento ás súas funcións de mellora, conservación e mantemento do saneamento, está interesado na regularización da ocupación de terreos das instalacións de saneamento, das que é competente, e dispor da autorización necesaria para a execución das obras de mellora do citado saneamento.

Así mesmo, Portos de Galicia ten como obxectivos básicos a construción, conservación, mellora, ordenación, xestión e explotación das instalacións, servizos e actividades portuarias que ten adscritas. Co este fin, segue os criterios derivados da busca da modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios, a integración dos portos no contorno municipal e social, dinamizando a actividade portuaria, a relación co mar e, en xeral, o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Esta regularización suporá un efecto positivo tanto para a vila, coma tamén para o porto. Polo que esta infraestrutura ofrece un servizo engadido aos usuarios e para o medio ambiente ao ser unha actuación de carácter sostible, e resulta beneficioso para a explotación portuaria das instalacións de Viveiro- Celeiro.

Xa que logo, as Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución, conservación, mantemento, limpeza e mellora das devanditas instalacións descritas e que discorren polo dominio público portuario, formalizan o presente convenio, con arranxo as seguintes.



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Viveiro nas obras xa executadas mediante o proxecto 04.327.501 e no que atinxe ás actuacións no dominio público portuario consecuencia das obras do proxecto OH.327.616 "saneamento de Celeiro e mellora da EDAR de Viveiro. Concello de Viveiro (Lugo)" no ámbito da zona de servizo do porto, a executar para solventar os problemas existentes na rede actual.

Así como a colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Viveiro no que atinxe ás actuacións no dominio público portuario que son obxecto de explotación e á conservación, mantemento e mellora das devanditas instalacións de saneamento polo Concello, en canto ás obras executadas dos colectores xerais, emisarios, pozos de bombeo, arquetas, alcantarillado e canalizacións existentes e ás que no futuro se produzan como consecuencia das obras do actual proxecto OH.327.616 "saneamento de Celeiro e mellora da EDAR de Viveiro. Concello de Viveiro (Lugo)".

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIVEIRO

Coa sinatura do presente convenio, o Concello obrígase ao seguinte:

1.- En data 7.09.2016 o Concello de Viveiro e Augas de Galicia asinan un convenio para establecer as condicións básicas para acometer e incorporar ao patrimonio publico municipal as obras de Saneamento de Celeiro e mellora da EDAR de Viveiro. Na súa cláusula quinta comprométese a financiar integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 3.000.000,00 euros, a achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe (Euros)
2016	50.000,00
2017	1.000.000,00
2018	1.000.000,00
2019	950.000,00

2.-Responsabilizarse de todas as medidas de control das instalacións de saneamento obxecto de este Convenio, así como de actuación, chegado o caso, para a eliminación de vertidos contaminantes ao medio mariño ou terrestres consecuencia da explotación e xestión das instalacións.

3.- Estar en posesión dos permisos necesarios para a explotación da EDAR e demais instalacións de saneamento e en especial do permiso de punto de vertido de Augas de Galicia.

4.- Dado que o emisario a construír poderá interferir no tráfico marítimo deberá contarse co informe favorable da Capitanía Marítima de Burela en materia de seguridade á navegación.

5.- Durante a execución das obras, deberá asegurar a normal explotación portuaria, é en especial no relativo á entrada e saída de buques ao porto.

6.- En todo caso, deberá asegurar un calado libre respecto BMVE e -9:00 metros por razóns de seguridade marítima para garantir que a totalidade do emisario non afecte á navegación marítima da zona, tanto en fase de construción como de explotación.

7.- Asumir o custo de conservación, mantemento, limpeza e hixiene (incluíndo a reposición de elementos engadidos, danados, extraviados ou roubados) da rede de saneamento executada en todos os seus elementos (colectores, pozos de rexistro, tanque de bombeo, firmes e pavimentos a repoñer, etcétera), e no seu caso, da mellora das obras de saneamento obxecto deste convenio e a licitación, e da contratación e execución das obras necesarias para tal efecto.

Así mesmo, o Concello aportará tamén libres de cargas, de ser o caso, os terreos da súa competencia que resulten necesarios para a execución de obras, e expedirá, todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras.

8.- Calquera modificación das actuacións durante a explotación das instalacións requirirá a previa autorización de Portos de Galicia así como calquera modificación de posibles proxectos, e a execución de obras non contempladas nos mesmos.

9.- Velar, en toda modificación, mellora e actuación de conservación, porque a reposición dos pavimentos afectados iguallen ou superen as actuais prestacións en canto a calidade (pavimento de formigón e rego asfáltico) e dimensionamento (espesores, composición, densidades, etcétera), tendo en conta ademais a sinalización viaria final

dos pavimentos a repoñer. Particularmente, para manter as condicións estéticas da urbanización do porto deberá pavimentarse toda a zona afectada polas obras. No caso dos viarios, deberá repoñerse todo o viario afectado polas obras con pavimentos ou firmes con capacidade suficiente para soportar o tráfico de vehículos pesados xerados no porto.

Adoptar as medidas e procedementos construtivos axeitados co fin de garantir en todo momento a normal explotación portuaria, no relativo á incidencia dos traballos no porto, en especial no referente á entrada e saída de embarcacións e de vehículos do tráfico portuario.

Garantir a reposición dos servizos afectados sen que se interrompa o servizo subministrado. Calquera obra de afección destes servizos deberá contar coa supervisión expresa do persoal de Portos de Galicia.

Tomar as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nas proximidades, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ao mar, debendo cumprir en cada momento coa normativa vixente nestas materias.

Tendo en conta a natureza dos terreos da zona portuaria deberanse establecer os procedementos construtivos axeitados e medidas de seguridade co fin de evitar calquera dano as persoas, edificacións e instalacións existentes.

Manter en bo estado o dominio público portuario, así como de mantelo en perfectas condicións de limpeza, hixiene e seguridade.

No que respecta as obras a realizar e no caso de que se precise realizar obras de ampliación ou mellora, o Concello de Viveiro, antes do seu comezo, deberá citar a Portos de Galicia para un acta de replanteo. Previo a este acto, o Concello presentará a Portos de Galicia un proxecto construtivo no que se definan de xeito completo as obras que discorran por dominio público portuario. No acto do replanteo concretarase sobre o terreo o trazado preciso das actuacións en zona portuaria, que poderá ser reaxustado co fin de facelo compatible coa normal explotación portuaria, debendo ter o visto bo do Xefe da Zona Norte de Portos de Galicia.

En caso de modificación do establecido na acta de replanteo, e previamente a calquera execución, citarase a comisión de seguimento establecida neste convenio, quen resolverá as posibles discrepancias que puideran xurdir.

En aras de preservar o dominio público portuario, Portos de Galicia poderá supervisar en calquera momento a súa execución, e de detectar desviacións ou deficiencias nas obras con respecto ao proxecto e/ou replanteo de referencia requirirá ao Concello de Viveiro para que proceda, á súa costa, ás correccións que indique Portos de Galicia.

Unha vez rematadas as obras e antes da súa recepción polo Concello de Viveiro, este comunicará a Portos de Galicia a finalización, requiríndolle para que as examine e preste a súa conformidade ou desconformidade con elas. O Concello deberá remitir á Zona Norte de Portos de Galicia, planos topográficos coa situación exacta das obras realizadas, indicando as pendentes das mesmas así como as seccións tipo.

En caso de desconformidade de Portos de Galicia coa execución das obras, o Concello de Viveiro deberá proceder á súa costa ás correccións que lle indique Portos de Galicia.

10.- O Concello de Viveiro expedirá, así mesmo, todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras. O Concello obrígase tamén á realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo da súa conta os custos que se xeren, mesmo ás liquidacións tributarias a que puideran dar lugar a execución das obras.

11.- A posible modificación das características e dimensións das instalacións portuarias, no caso de que se ampliaren ou modificaran, e por Portos de Galicia se considerase necesario desprazar calquera das actuacións de saneamento ou modificar as súas características, as obras necesarias serán executadas e aboadas polo Concello de Viveiro seguindo en todo momento as directrices de Portos de Galicia; do mesmo xeito se actuaría no caso de interferir coa actividade portuaria e fora necesario realizar algunha modificación na actuación. A mesma situación produciríase no caso que no Concello se levara a cabo outras actuacións de saneamento que deixaran fora de uso as instalacións, polo que correría a cargo do Concello as actuacións conducentes a súa eliminación.

12.- Correr co pago de tódolos tributos que xere a explotación das instalacións de saneamento, incluída a repercusión que do IBI correspondente lle presentará Portos de Galicia, se non procedera a recoller estas instalacións no padrón do IBI como exentas deste imposto.

13.- No caso que resulte de interese na xestión das instalacións portuarias de Celeiro-Viveiro, o Concello realizará a conexión á rede executada e a anexión, sen prexuízo do cumprimento das obrigas derivadas da normativa de saneamento.

14.- Ante una posible modificación das características e dimensións das instalacións portuarias, e se por parte de Portos de Galicia se considerase necesario modificar as características da actuación, as obras necesarias serían executadas e abonadas polo peticionario, seguindo en todo momento as directrices de Portos de Galicia.

15.- Asíñase este convenio polo carácter urxente de proceder á regularización das infraestruturas de saneamento xa realizadas e dar cobertura legal ás obras que ten concertadas o Concello de Viveiro co Augas de Galicia, máis, exexese o compromiso deste Concello de solicitar, á maior brevidade posible, a Portos de Galicia unha concesión administrativa para regular a explotación da rede

16.- No caso de non estar o Concello de Viveiro no futuro interesado en manter as instalacións de saneamento obxecto deste Convenio, deberá, e sempre a criterio de Portos de Galicia, ou ben demoler as ditas instalacións ou entregar gratuitamente, libre de cargas e gravames, a titularidade das obras de referencia, executadas en dominio público portuario, a Portos de Galicia, quedando estas, por efecto directo deste convenio, incorporadas de pleno dereito ao mesmo, formando parte do patrimonio da zona de servizo do porto de Celeiro-Viveiro, adscrita para a súa xestión a Portos de Galicia.

17.- Se o Concello de Viveiro decidira outorgar, directa ou indirectamente e segundo o estipulado no TRLCAP, a xestión e uso das instalacións de saneamento a un terceiro, deberá informar de este extremo a Portos de Galicia, xa que en tal caso procederá o devengo de diferentes taxas portuarias que deberán consignarse nos pregos de licitación dos contratos de concesión de obra pública hidráulica.

TERCEIRA. COMPROMISOS DE PORTOS DE GALICIA.-

Asume as seguintes obrigas:

1.- Autorizar a ocupación polo Concello de Viveiro do dominio público portuario coas instalacións de saneamento existentes na actualidade.

2.- Autorizar a execución de posibles obras.

3.- Autorizará ao Concello de Viveiro para a intervención nos terreos que ocupen as obras para que faga fronte ao cumprimento das obrigas derivadas deste convenio.

A devandita intervención do Concello nos terreos de dominio público portuario obxecto deste convenio, non implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia, nin supón cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens obxecto de convenio.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Dentro do prazo de quince días, a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

Serán funcións desta comisión:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, proponendo aquelas actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do presente convenio.

Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

A comisión de seguimento estará integrada por unha Presidencia, que recaerá no presidente de Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vogais, dous nomeados polo Concello de Viveiro, e outros dous por Portos de Galicia.

A este respecto, o nomeamento de Portos de Galicia para o seguimento da execución das obras pactadas neste convenio recae nas seguintes persoas:

- O xefe da Área de Infraestruturas
- O xefe da Zona Norte de Portos de Galicia.

Para o seguimento do cumprimento das obrigas de conservación, mantemento e demais obrigas sucesivas á execución das obras, os membros integrantes da comisión por Portos de Galicia son os seguintes:

- O xefe da Zona Norte de Portos de Galicia
- O celador gardapeiraos asignado ao porto de Celeiro.

QUINTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais que

como empregadores lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes deste convenio e os profesionais e empresas que por conta das partes asinantes desenvolvan as actividades obxecto deste convenio; de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SEXTA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

1.-Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, será responsabilidade do Concello de Viveiro responder dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio de este convenio.

2.- A responsabilidade aquí establecida se establece nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, de Réximen xurídico do Sector Público, e a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial, correspónderalle a Portos de Galicia.

SÉTIMA. PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior o Concello de Viveiro e Portos de Galicia consinten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

OITAVA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Presidencia de Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

Serán causas de extinción do convenio:

O non cumprimento do seu obxecto.

A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.

A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes.

O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.

O acordo unánime de todos os asinantes.

O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados, estes prexuízos tasaranse contraditoriamente polas partes.

Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Cada unha das situacións descritas por sí soa é causa suficiente da resolución do convenio.

No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

Remataranse as accións e expedientes administrativos e xa iniciadas que aínda estean sen rematar.

Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

NOVENA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO



O presente convenio ten carácter administrativo e regularase polo establecido neste, e supletoriamente polos principios do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no artigo 4.2 da antedita lei e pola Lei 40/2015, do 2 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

O desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.-

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura, estendéndose respecto da execución das obras ata o remate destas segundo o prazo establecido no proxecto.

Respecto das obrigas de conservación e mantemento que se pactan neste convenio, estendendo a súa vixencia polo tempo de 4 anos, que poderá ser obxecto de prórrogas por períodos de catro anos, salvo denuncia deste por parte de algunha das administracións afectadas, antes da súa finalización.

UNDÉCIMA.- MODIFICACION DO CONVENIO.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

Para cumprimentar o presente convenio en todas as súas partes subscríbese por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

O Presidente de Portos de Galicia

A alcaldesa – Presidenta do
Concello de Viveiro

José Juan Durán Hermida

María Loureiro García